

CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E O CONCELLO DE BANDE PARA O PROXECTO SENLLEIRO MELLORA EXTERIOR DO MERCADO DO XURÉS, DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DA COMARCA".

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, Dna. Sandra Quintás Vázquez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Bande, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





EXPOÑEN

Primerio.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e o entorno para a mellora da calidade de vida da poboación que permitan por un lado unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e permitan así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agrolimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da





potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, vén apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), no que conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Bande para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciña. No ámbito destas competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o Concello de Bande, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 03 de novembro de 2021 o Concello de Bande presentou unha solicitude de colaboración, xunto cunha memoria técnica valorada, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca".

Xunto ca solicitude achegou o proxecto técnico "Mellora exterior do mercado do Xurés", onde se propón a rehabilitación deste espazo público por ter un mercado significado social e cultural para a comarca xa que está a permitir a promoción e posta en valor dos produtos locais así como a súa comercialización.





Polo tanto, trátase dun proxecto que reforza o Concello de Bande, tanto como entidade coordinadora do desenvolvemento socioeconómico do seu territorio como o seu potencial territorial, entendido este como unidade xeográfica.

Con este convenio procúrase promover unha corresponsabilidade compartida, susceptible de avanzar na construción conxunta do modelo comercial do Concello de Bande, colaborando na rehabilitación do espazo que permita a promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca, facilitando ademais a súa comercialización.

A actividade comercial determina a vitalidade económica dunha zona, sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos. O comercio constitúe un elemento determinante para a cohesión e integración social e é esencial para configurar unha identidade propia, actividades singulares e culturalmente diversas. A comercialización e posta en valor dos produtos locais vai máis alá da súa consideración como actividade económica; o mercado configúrase como un espazo de relación veciñal, como catalizador da poboación do concello.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Promoción dos produtos e a actividade agraria da zona.
- Dinamización da vida socioeconómica da zona.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Revalorización de infraestruturas.
- Xeración de riqueza e emprego.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.

Cuarto.- De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Bande "Mellora exterior do mercado do Xurés", propón a rehabilitación deste espazo público por ter un marcado significado social e cultural para a comarca xa que está a permitir a promoción e posta en valor dos produtos locais, así como a súa comercialización, o que xustifica o seu interese público e social.





Neste caso, a singularidade do proxecto do Concello de Bande reside na promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca. O mercado Xurés de Bande ideouse como un espazo para a compra-venta de produtos e artigos cultivados e elaborados no Xurés que conta tamén cun espazo onde se atopa un posto de información turística e unha zona gastronómica.

Este mercado de venta de produtos, incentiva a reivindicación da proposta que reclama desde fai anos os produtores do Xurés que é a creación da marca de calidade, un distintivo do Xurés que de un plus de identidade aos produtos que se elaboran ou cultivan no espazo natural transfronteirizo.

Polo tanto, este proxecto de "Mellora exterior do mercado do Xurés" no actual espazo da Praza de Abastos de Bande, situada no Campo da Feira do concello de reforma para a mellora da envolvente exterior do edificio, supón un ben imprescindible para a economía e a vida social da poboación dese concello.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos, que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes:

E) Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca. Os proxectos senlleiros desta categoría deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Facilitar a transformación ou comercialización de produtos agroalimentarios característicos dun ámbito territorial rural, en especial os amparados por denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.
- b. Potenciar a produción, a transformación e a comercialización dos produtos naturais, salvo a produción dos produtos do Anexo I do Tratado da UE, que identifican unha zona ou comarca e forman parte do seu tecido produtivo.

Por outra parte, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:





- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto presentado polo Concello de Bande "Mellora exterior do mercado do Xurés", dentro da categoría "Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca", cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é o financiamento do proxecto presentado polo Concello de Bande "Mellora exterior do mercado do Xurés", como proxecto senlleiro na categoría " promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca" dentro do Programa de Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O proxecto consiste na rehabilitación exterior do Mercado do Xurés no casco histórico do Concello de Bande como espazo para a comercialización e posta en valor dos produto locais configurándose como un espazo de relación veciñal e como catalizador da poboación do concello.





SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar polo Concello de Bande son as que se relacionan no plan de traballo que se achega a este convenio como anexo I.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos e cumplan as condicións que se detallan no anexo I (Plan de traballo).

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Bande

O Concello de Bande comprométese a facer constar en toda a publicidade - tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Agader e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Agader. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Bande cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

O Concello de Bande deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter





pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Agader para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Concello de Bande comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. Agader poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto "Mellora exterior do mercado do Xurés", a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo II, ascende a oitenta e nove mil cento noventa e un euros con setenta e nove céntimos (89.191,79 €), para o período 2022-2023.

Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede ao Concello de Bande unha subvención directa a fondo perdido por un importe de 89.191,79 euros para as anualidades 2022-2023.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.





Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".			TOTAL
Importe	2022	2023	89.191,79 €
	4.114,00 €	85.077,79 €	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Agader poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Bande do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.





O Concello de Bande tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 71.353,43 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello de Bande solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións recollidas no Anexo I (Plan de traballo) por un importe total previsto de 89.191,79 € IVE incluído (detallado no Anexo II Orzamento total e por anualidades/Descrición de partidas) da seguinte forma:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 10.11.2023. Para os gastos correspondentes á anualidade 2022, o prazo de execución e xustificación rematará o 10.11.2022 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no





presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-dociudadan>, e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace da persoa titular da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Acta de recepción.





A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, e devolverase toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o concello de Bande non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Bande acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 10 de novembro de 2023, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022.





DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello de Bande e un representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DECIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data arriba indicado.

José González Vázquez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)

Sandra Quintás Vázquez

Presidente da Agader

Alcaldesa do Concello de Bande





ANEXO I. PLAN DE TRABALLO

Proxecto de Mellora Exterior do Mercado do Xurés. Bande

Plan de traballo con carácter indicativo segundo artigo 233 e) da lei de contratos do Sector Público.

PRIMEIRA ANUALIDADE (2022) Prezos con IVE

- OBRA: 0,00€
- HONORARIOS TÉCNICOS: 4.114,00€ (Proxecto Básico e de Execución, incluíndo o Estudo Básico de Seguridade e Saúde)

TOTAL PRIMEIRA ANUALIDADE: 4.114,00€

SEGUNDA ANUALIDADE (2023) Prezos con IVE

- OBRA: 81.326,79€

Plan de Obra:

UNIDADES DE OBRA (CAPÍTULOS)	MESES (ano 2023)										PREZO + IVE
	1		2		3		4		5		
Demolición e Acondicionamento											2.046,05 €
Fachada e Acceso											27.434,24 €
Actuación en Interior											4.294,30 €
Carpintaría Exterior											46.068,88 €
Seguridade e saúde											756,16 €
Xestión de residuos											727,16 €
	6.261,89 €		27.250,28 €		27.250,28 €		9.566,45 €		10.997,89 €		81.326,79 €

- HONORARIOS TÉCNICOS: 3.751,00€ (Dirección de Obra e Coordinación de Seguridade e Saúde)

TOTAL SEGUNDA ANUALIDADE: 85.077,79€





ANEXO II. ORZAMENTO E DESCRICIÓN DE PARTIDAS

Proxecto de Mellora Exterior do Mercado do Xurés. Bande

PRIMEIRA ANUALIDADE (2022)

O traballos **a realizar no ano 2022**, comprenden a redacción do proxecto técnico. Neste ano non se realizarán traballos de obra.

OBRA 2022:

Prezos con IVE

TOTAL OBRA 2022 CON IVE **0,00 €**

HONORARIOS TÉCNICOS 2022:

Prezos con IVE

01	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN	3.872,00 €
02	ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE	242,00 €
TOTAL HONORARIOS 2022 CON IVE		4.114,00 €

TOTAL PRIMEIRA ANUALIDADE: 4.114,00€

SEGUNDA ANUALIDADE (2023)

O traballos **a realizar no ano 2023**, comprenden a totalidade da execución de obra, así como os traballos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde correspondentes á mesma.

OBRA 2023:

Prezos con IVE

DEMOLICIÓN E ACONDICIONAMENTO **2.046,05 €**

01.01.	Levantado de carpintaría exterior	1.425,28 €
01.02.	Recolocación de faroles	518,36 €
01.03.	Levantado de varanda	102,41 €

FACHADA E ACCESO **27.434,24 €**





02.01. Fábrica de ladrillo perforado	878,31 €	
02.02. Revestimiento de iroko tratado exterior sobre ladrillo	3.915,42 €	
02.03. Revestimiento de iroko tratado exterior sobre carpintería de aluminio	16.180,78 €	
02.04. Xardineira de aceiro galvanizado lacado	1.943,86 €	
02.05. Aporte de terras vexetais en xardineiras	273,06 €	
02.06. Axardinamento	1.204,62 €	
02.07. Rotulación do nome do edificio con letras de aceiro inoxidable	1.439,90 €	
02.08. Instalación de lonas con estrutura	1.598,29 €	
ACTUACIÓN EN INTERIOR		4.294,30 €

03.01. Gornecido e enlucido de xeso	362,71 €	
03.02. Pintura plástica mate	405,02 €	
03.03. Remates	863,94 €	
03.04. Entablonado enlistonado de abeto de 22m vernizado	1.291,85 €	
03.05. Creación de puntos de luz	1.370,78 €	
CARPINTERÍA EXTERIOR		46.068,88 €

04.01. Carpintería PVC blanco. Panos fixos + Vidros	25.814,81 €	
04.02. Carpintería PVC blanco. Panos practicables + Vidros	19.966,09 €	
04.03. Reaxuste e reparación de carpintería existente	287,98 €	
SEGURIDADE E SAÚDE		756,16 €

XESTIÓN DE RESIDUOS		727,16 €
----------------------------	--	-----------------

TOTAL OBRA 2023 CON IVE 81.326,79 €

**HONORARIOS TÉCNICOS 2023:
Prezos con IVE**

DIRECCIÓN DE OBRA 2.904,00 €





COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE **847,00 €**

TOTAL HONORARIOS 2023 CON IVE **3.751,00 €**

TOTAL SEGUNDA ANUALIDADE: 85.077,79€

ORZAMENTO TOTAL:

**OBRA:
Prezos con IVE**

C01	DEMOLICIÓN E ACONDICIONAMENTO		2.046,05 €
	01.04. Levantado de carpintería exterior	1.425,28 €	
	01.05. Recolocación de faroles	518,36 €	
	01.06. Levantado de varanda	102,41 €	
C02	FACHADA E ACCESO		27.434,24 €
	02.01. Fábrica de ladrillo perforado	878,31 €	
	02.02. Revestimiento de iroko tratado exterior sobre ladrillo	3.915,42 €	
	02.03. Revestimiento de iroko tratado exterior sobre carpintería de aluminio	16.180,78 €	
	02.04. Xardineira de aceiro galvanizado lacado	1.943,86 €	
	02.05. Aporte de terras vexetais en xardineiras	273,06 €	
	02.06. Axardinamento	1.204,62 €	
	02.07. Rotulación do nome do edificio con letras de aceiro inoxidable	1.439,90 €	
	02.08. Instalación de lonas con estrutura	1.598,29 €	
C03	ACTUACIÓN EN INTERIOR		4.294,30 €
	03.01. Gornecido e enlucido de xeso	362,71 €	
	03.02. Pintura plástica mate	405,02 €	
	03.03. Remates	863,94 €	
	03.04. Entablonado enlistonado de abeto de 22m vernizado	1.291,85 €	
	03.05. Creación de puntos de luz	1.370,78 €	
C04	CARPINTERÍA EXTERIOR		46.068,88 €
	04.01. Carpintería PVC blanco. Panos fixos + Vidros	25.814,81 €	





	04.02. Carpintería PVC blanco. Panos practicables + Vidros	19.966,09 €	
	04.03. Reaxuste e reparación de carpintería existente	287,98 €	
C05	SEGURIDADE E SAÚDE		756,16 €
C06	XESTIÓN DE RESIDUOS		727,16 €
	TOTAL OBRA CON IVE		81.326,79 €

HONORARIOS TÉCNICOS:

Prezos con IVE

01	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN	3.872,00 €
02	ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE	242,00 €
03	DIRECCIÓN DE OBRA	2.904,00 €
04	COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	847,00 €
	TOTAL HONORARIOS CON IVE	7.865,00 €

ORZAMENTO TOTAL: 89.191,79€

